



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE ABRIL DE 2012

LICENZAS EDIFICACION.-

LIC/80/2012.- MARIA SILVIA LOIS MARTINEZ.- Conceder a licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar de San Miguel dos Agros – Rebordaos.

LIC/2329/2011.- MARIA PIEDAD GARCIA CORRAL.- Conceder a licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Agra do Vieiro nº 17.

LIC/237/2012.- ANA MARIA CARREIRA SIXTO.- Conceder a licenza de obras para construción dunha vivenda unifamiliar en rúa da Decoita.

LIC/291/2012.- CONSORCIO DE SANTIAGO.- Conceder licenza de obras para acondicionamento da igrexa de San Pedro situada na Praza de San Pedro.

LIC/380/2012.- ROSA MARIA PADERNE GÓMEZ.- Conceder a legalización das obras executadas na rúa Fonte de Mallou nº 24.

LIC/327/2012.- JOSÉ PEREIRA ALDREY.- Conceder a legalización dunha piscina na rúa da Devesa.

LIC/147/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza para executar as obras de colocación dun ascensor na rúa de Touro nº 5.

LIC/148/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder licenza para executar as obras de colocación dun ascensor na rúa de Touro nº 7

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/537/2012.- ZOAR RESIDENCIAL.- LIC/725/2008 1.500 €.-

LIC/509/2012.- SALDI BARREIRA, SL.- LIC/509/2012 6.000 €.-

LIC/572/2012.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE S.L.-

LIC/1741/2008 2.000 €.-

LIC/573/2012.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE S. L.-

LIC/1747/2008 2.000 €.-

LIC/574/2012.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE S. L.-

LIC/1749/2008 2.000 €.-

LIC/575/2012.- PROMOCIONES Y GESTIONES DEL TAMBRE S. L.-

LIC/1744/2008 2.000 €.-

4 a 73.- Proposta da Concelleira delegada de Facenda, Orzamentos e Contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

74.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á inscrición dunha empresa no Rexistro Técnico de Rehabilitación.

Aprobouse a inscrición no RTR da empresa Grupo Desarrolla Works,S.L.

75.- RENOVACIÓN DE AUTORIZACIÓNS VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2012 NA RUA NOVA

Renováronse 2 autorizacións e solicitouse a outras 7 persoas que presenten algunha documentación a maiores para poder tramitar a renovación, de non ser así entenderase que renuncian ao dereito de renovación.

76.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á desconsignación e pago. Parcela 57 do Proxecto de expropiación do Monte do Gozo.

Desconsígnase o pago.

77.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á desestimación dunha solicitude de aboamento de xuros no expediente de expropiación para execución de accesos ao parque deportivo de Sar.

A XGL rexeitou aboar os xuros dunha reclamación dun particular en relación á expropiación dunha finca para a execución de accesos ao Parque Deportivo de Sar. O motivo do rexeitamento é que o pago da expropiación se fixo o 7 de marzo de 2007, polo tanto de existires a débeda dos xuros xa estaría prescrita segundo o establecido na Lei Xeral Tributaria, que establece un prazo de 4 anos.

78.- Traballos xerais de mantemento dos centros de educación infantil primaria dependentes do concello.

A proposta do Concelleiro de Educación aprobouse un orzamento de 20.000 € para levar a cabo diferentes arranxos urxentes e imprevistos no próximo trimestre nas instalacións dos Centros Escolares de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

79.- XII CAMPAÑA MUNICIPAL DE ANIMACIÓN A LECTURA "A viaxe de Olot".

A XGL aprobou o Programa da XII Campaña Municipal de Animación á Lectura "A viaxe de Olaf", que se desenvolverá entre o 16 de abril e o 32 de maio. Os obxectivos desta campaña son achegar a lectura aos nenos, crear un clima agradable e motivador que favoreza a escoita ou desenvolver unha lectura crítica en relación coas lecturas. Este programa ten un custo de 19.950 €.

80.- Proposta da concelleira delegada de Obras en relación co proxecto de Pavimentación das vías públicas municipais 2ª fase

Á vista do resultado das catas realizadas, parálizase o período de garantía e solicítase ao departamento de Obras a realización do informe para dar traslado á empresa das deficiencias atopadas.

81.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á ratificación de decreto de liquidación dunha obra.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Facenda relativa ao pago dun modificado das obras de reurbanización da UX-16-Santas Mariñas á Empresa Obras y Viales de Galicia S.L. por un importe de 106.364,50 €.

82.- Proposta da concelleira delegada de Parques e Xardíns relativa á resolución das solicitudes presentadas de uso das hortas de Belvís.

Apróbase o listado de adxudicación das 31 hortas por orde de prelación e de acordo cos requisitos esixidos.

83.- Dar conta da resolución desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a liquidación por "Débedas pendentes do Concello de Santiago de Compostela a favor da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos en concepto de cofinanciamento de obras hidráulicas".

Deuse conta á XGL da desestimación do recurso de reposición interposto polo Concello contra a liquidación por débedas pendentes do Concello de Santiago de Compostela a favor da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos en concepto de cofinanciamento de obras hidráulicas. Así mesmo aprobouse remitir este asunto á Asesoría Xurídica para interpoñer o correspondente recurso contencioso-administrativo.

84.- Dar conta da resolución do concelleiro delegado de alumeado Público relativa á autorización para a execución dunha obra.

Deuse conta á XGL dunha autorización á empresa DAVIÑA S.L. para executar as obras de Instalación de iluminación en Montes de Conxo, 1, por un importe de 2.266,05 €.